

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA AO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR NO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN XUVENIL "LIDERA" DO CONCELLO DE AMES.

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 11:00 horas do día 4 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do expediente anteriormente referenciado.

ASISTENTES:

Presidente:

Genma Otero Uhía, Concelleira delegada de Economía e Facenda.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria Municipal

Margarita Fernández Sobrino, interventora municipal.

Rogelio Pardo Martínez, Xefe do Servizo de Contratación.

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Ríos, Auxiliar administrativa do Departamento de Contratación

Con data 15 de maio de 2018, mediante o Sistema de Notificacións de Galicia (notifica.gal) comunícase electronicamente ás empresas clasificadas en primeiro lugar en cada un dos lotes aos que concorren a clasificación de ofertas do procedemento de licitación do Servizo para o Desenvolvemento do Programa de Formación Xuvenil "Lidera", requiríndoselles para que no prazo de dez días hábiles acheguen a documentación establecida na cláusula 21.2 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares aos efectos de proceder á súa adxudicación definitiva.

Para o Lote nº 1 de Primeiros Auxilios e Lote nº 6 de Monitor de Tempo Libre notificóuselle á empresa ARENARIA COORDINACIÓN SL empresa clasificada en primeiro lugar nos lotes anteriormente referenciados.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 18 de maio de 2018.

O 22 de maio de 2018, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral Municipal, (r.e. 000/4049, a empresa presentou a seguinte documentación:

- CIF empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado acreditativo de atoparse ao corrente con Facenda,Seguridade Social e Xunta de Galicia.
- Imposto de Actividades Económicas
- Contas anuais
- Imposto de Sociedades
- Certificados do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais do persoal que prestará o servizo
- Constitución de garantía definitiva mediante transferencia bancaria por un importe de 504,10 euros co seguinte desglose, 129,60 euros correspondente a garantía do lote nº1 e 374,50 euros correspondente á garantía do lote 6.

O 31 de maio de 2018, mediante instancia presentada no Rexistro Xeral Municipal, nº (r.e 000/4283), presenta:

- Certificado de Seguro de Responsabilidade Civil General.

Con respecto ao Lote nº 2 de Curso básico de Linguaxe de Signos notificóuselle á empresa ALVALOP SERVICIOS XXI, S.L. empresa clasificada en primeiro lugar no lote anteriormente citado.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 15 de maio de 2018.

O 30 de maio de 2018, mediante instancia presentada por rexistro de entrada (r.e. 000/4259) presenta a seguinte documentación:

- Certificación de inscrición no Rexistro de Contratistas da CCAA de Galicia.
- CIF empresa
- Declaración cambio de denominación social
- Imposto de Actividades Económicas e declaración de permanencia.
- Declaración de exención de pago do Imposto de Actividades Económicas
- Solvencia Económica (contas anuais)
- Solvencia Técnica. Relación dos principais servizos efectuados e certificados de boa execución.
- Certificado de atoparse ao corrente con Facenda, Seguridade Social e Xunta de Galicia
- Póliza de Responsabilidade Civil
- CurriculumVitae do persoal que vai a prestar o servizo, así como certificación do Rexistro Central de Delincentes Sexuais
- Constitución de garantía definitiva correspondente ao Lote nº 2. efectuada mediante transferencia bancaria por un importe de 140,40 euros

En canto ao Lote nº 3, Mais que 2.0 (Emprendemento Xuvenil) notificóuselle á empresa NORFORMACIÓN S.L. empresa clasificada en primeiro lugar no lote anteriormente mencionado.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 18 de maio de 2018.

O 31 de maio de 2018, mediante instancia presentada por rexistro de entrada (r.e. 000/4279) presenta a seguinte notificación:

- Certificación de inscrición no Rexistro de Contratistas da CCAA de Galicia.
- Solvencia económica (contas anuais)
- Solvencia técnica. Relación de traballos efectuados, certificados de boa execución, Curriculum Vitae, xustificación experiencia e certificación do Rexistro Central de Delincentes Sexuais do persoal a prestar o servizo.
- Póliza de Responsabilidade Civil.
- Constitución de garantía definitiva correspondente ao Lote nº 3 efectuada mediante transferencia bancaria por un importe de 215,64 euros


Con respecto ao Lote nº 4, English Today! notificóuselle á empresa SERVIPLUSTOTAL S.L., empresa clasificada en primeiro lugar no lote anteriormente citado.

A notificación foi recibida pola empresa adxudicataria o 15 de maio de 2018.

O 28 de maio de 2018, mediante instancia presentada por rexistro de entrada (r.e. 000/4195) presenta a seguinte documentación:

- Certificación de inscrición no Rexistro de Contratistas da CCAA de Galicia.
- Certificados de atoparse ao corrente con Facenda, Seguridade Social e Xunta de Galicia.
- Póliza de Responsabilidade Civil
- Certificación do Rexistro Central de Delincentes Sexuais do persoal a prestar o servizo.
- Constitución de garantía definitiva correspondente ao Lote nº 4 efectuada mediante transferencia bancaria por un importe de 192,00 euros.


Unha vez comprobada por parte da Mesa de contratación que a documentación requirida ás empresas adxudicatarias foi presentada en prazo, procédese a examinar e valorar cada un dos documentos aportados, resultando que:



1) A empresa ARENARIA S.L., empresa clasificada en primeiro lugar nos Lotes nº 1 e nº 6 non achega:

- a) A documentación acreditativa relativa á solvencia técnica que se indica na cláusula 10.3 do PCAP (relación de principais servizos realizados xunto con certificados de boa execución)
- b) Experiencia profesional dos formadores que vaian a impartir o servizo.


Ao non acreditarse coa documentación aportada a necesaria solvencia técnica esta empresa queda excluída do procedemento en base ao artigo 151.2 TRLCSP.



2) Con respecto á empresa ALVALOP SERVICIOS S.L., empresa clasificada en primeiro lugar no Lote nº 2 cabe mencionar que en relación á documentación acreditativa da experiencia profesional do/s formador/res que van a impartir o servizo esta só achega Curriculum Vitae no que se indica a formación e experiencia do monitor/a, non achegando ningún outro documento que permita acreditar fehaciente e inequivocamente dita formación e experiencia (titulacións, contratos de traballo, vida laboral, etc), non podendo neste intre procesual outorgarse un novo prazo para presentar nova documentación, tal e como se establece na Resolución 28/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais establece en relación a admisión ou non de subsanación da documentación aportada polo licitador no trámite do artigo 151.2 do TRLCSP que [... *suporía un punto de máxima inseguridade xurídica para o resto dos licitadores, e sería contrario aos principios de publicidade, libre concorrencia e transparencia na contratación, consagrados nos artigos 1 e 139 do TRLCSP*]

[..... *En definitiva, o prazo conferido no artigo 151.2 TRLCSP é imporrogable, non sendo posible outorgar ampliación do mesmo nin prazo para a subsanación dos posibles defectos que se detectasen na documentación presentada, polo que si o órgano de contratación considera – como é o caso- que a documentación non é adecuada, a consecuencia será ter por desistido ao licitador e polo tanto a súa exclusión do procedemento, debendo pasar ao seguinte no orden de clasificación.*]

Ao non quedar suficientemente xustificada a experiencia do monitor/a que vai a prestar o servizo, e polo tanto a correspondente solvencia técnica a empresa ALVALOP SERVICIOS S.L queda excluída do procedemento en base ao artigo 151.2 do TRLCSP




3) A empresa NORFORMACIÓN S.L. empresa clasificada en primeiro lugar resultou adjudicataria do Lote nº 3, presentando esta toda a documentación requirida.

4) En canto á empresa SERVIPLUSTOTAL S.L., empresa clasificada en primeiro lugar no Lote nº 4, cabe mencionar que non achega:

- a) A documentación acreditativa con respecto á solvencia técnica que se indica na cláusula 10.3 do PCAP (relación de principais servizos realizados xunto con certificados de boa execución)
- b) Experiencia profesional dos formadores que vaian a impartir o servizo.

Ao non acreditarse coa documentación aportada a necesaria solvencia técnica esta empresa queda excluída do procedemento en base ao artigo 151.2 TRLCSP.

Por todo o exposto, a mesa de contratación en relación ao expediente do Programa de Formación Xuvenil "Lidera" por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA propoñer ao órgano de contratación:**



Primeiro.- A exclusión da empresa ARENARIA S.L. do Programa de Formación Xuvenil "Lidera" nos seus Lote nº1 e nº 6 polos motivos e razoamentos anteriormente expostos

Segundo.- A devolución do aval bancario en concepto de garantía definitiva efectuada pola empresa mediante transferencia por un importe de 504,10 euros, para o cal deberá presentar unha certificación bancaria do número de conta na que se efectuará o seu reintegro

Terceiro.- A exclusión da empresa ALVALOP S.L. do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* no seu Lote nº2 polos motivos e razoamentos anteriormente expostos

Cuarto.- A devolución do aval bancario en concepto de garantía definitiva efectuada pola empresa mediante transferencia por un importe de 140,40 euros, para o cal deberá presentar unha certificación bancaria do número de conta na que se efectuará o seu reintegro

Quinto.- A adxudicación do Lote nº 3 denominado "Mais que 2.0 (emprendemento xuvenil)" do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* á empresa NORFORMACIÓN S.L., CIF B-36343218.

Sexto.- A exclusión da empresa SERVIPLUSTOTAL S.L. do *Programa de Formación Xuvenil "Lidera"* no seu Lote nº4 polos motivos e razoamentos anteriormente expostos

Sétimo.- A devolución do aval bancario en concepto de garantía definitiva efectuada pola empresa mediante transferencia por un importe de 192,00 euros, para o cal deberá presentar unha certificación bancaria do número de conta na que se efectuará o seu reintegro

Oitavo.- A vista da clasificación de ofertas xa realizada con anterioridade, según acordo da Xunta de Goberno Local de 11 de maio, trasladar ao órgano de contratación as características esenciais dos licitadores agora propostos (inicialmente clasificados en segundo lugar) nos Lotes nº 1, nº 2, nº 4 e nº 6 aos seguintes licitadores, os cales formularon a seguinte oferta:

Lote	Empresa	CIF	Prezo/hora/ curso	0	Oferta total contrato
Nº 1.- Primeiros Auxilios	ALVALOP SERVICIOS S.L.	XXI B-36591063	43,20 €	60	2.592,00 €
Lote nº 2.- Linguaxe de Signos	DESERTO				
Lote nº 4.- English Today	ALVALOP SERVICIOS S.L.	XXI B-36591063	27,20 €	160	4.352,00 €
Lote nº 6.- Monitor Tempo Libre	FESAN, FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANALISES	G-15597669	11,70 €	700	8.190,00 €

Respetaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor presidente deu por rematado o acto, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do que se expide a presente acta, que en proba de conformidade, asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria das mesa, certifico.